

ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2021/8	O Pleno

**DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN**

<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urxente Motivo: «Elección e toma de posesión da Alcaldía.»
<b>Data</b>	15 de xuño de 2021
<b>Duración</b>	Desde as 12:17 ata as 12:39 horas
<b>Lugar</b>	Auditorio municipal
<b>Presidida por</b>	Verónica Tourón Domínguez
<b>Secretario</b>	Berta Alonso Soto

**ASISTENCIA Á SESIÓN**

<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel Gonzalez Gonzalez	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	NON
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ



Ángela Ledo Souto	SÍ
Ángela Valcárcel Bernárdez	NON
<b>Escusas de asistencia presentadas:</b> 1. Primitivo González Souto: «Motivos laborais» 1. Ángela Valcárcel Bernárdez: «Maternidade»	

Unha vez verificada polo secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Ratificación da urxencia da convocatoria (Artigo 46.2.b) LBRL)

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

**Sra. Tourón Domínguez:** Bo día a todos e a todas a este pleno extraordinario, darlle a benvinda tamén as persoas que nos seguen dende as súas casas. Corresponde neste punto a ratificación da urxencia da convocatoria, procedemos polo tanto a votación da mesma.

**VOTACIÓN DA URXENCIA:** Sometida a votación a urxencia da presente convocatoria, por UNANIMIDADE dos ONCE membros presentes acórdase ratificar polo Pleno a urxencia da sesión de conformidade co disposto no artigo 33 6) do Regulamento orgánico municipal e no artigo 79 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

#### Elección e toma de posesión da Alcaldía.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 7, En contra: 4,

Abstencións: 0, Ausentes: 0

**A Sra. Secretaria:** Explica o procedemento para efectuar elección da persoa que vai a ocupar a Alcaldía Municipal, indicando que se trata dun procedemento extraordinario e reglado pola Lei Órgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG). Explica cales son os



trámites que se deben cumprir. En primeiro lugar indica cales son as persoas que poden ser candidatas á alcaldía, segundo establece o artigo 196 da LOREG, que literalmente di: *"poden ser candidatos todos os concelleiros que encabezan as súas correspondentes listas, se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo, si ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista de maior número de votos populares no correspondente municipio. En caso de empete resolverase por sorteo"*. De acordo co artigo poden ser persoas candidatas á alcaldía todas aqueles que encabezaban as listas electorais que concorreron ás elección municipais do ano 2019 e que teñen representación neste pleno municipal, polo Partido Popular pode ser candidato Santiago Rodríguez Davila, polo PSdeG-PSOE correspóndelle a Verónica Tourón Domínguez e por Movemento Salceda, a lista electoral foi encabezada por M<sup>a</sup> Dolores Castiñeira Alén que na sesión extraordinaria de onte deu conta da súa renuncia a Alcaldía, polo tanto para este suposto o artigo 198 da LOREG indica que lle corresponde a candidatura a persoa que foi como número dous da lista que é Alejandro Rodríguez Canosa. A candidatura á Alcaldía é voluntaria por parte destas persoas, teñen a posibilidade de manter a súa candidatura ou de retirar a mesma, sei o consideran convinte, polo tanto concédese unha quenda de palabra a cada unha das persoas candidatas para que poidan manifestar, se efectivamente manteñen a súa candidatura ou non. Vaise respectar a orde de intervención que establece o Regulamento Orgánico Municipal polo tanto en primeiro lugar lle corresponden manifestar si mantén a súa candidatura ao representante do Partido Popular, Sr. Rodríguez Davila.

**Sr. Rodríguez Davila:** Bos días, veciños e veciñas, bos días compañeiros da Corporación Municipal, en primeiro lugar quero manifestar como grupo maioritario desta Corporación Municipal o noso rexeitamento á hora de convocar este pleno, sen ter en conta poder conciliar a vida laboral, profesional e tamén de maternidade. No día de hoxe un compañeiro e unha compañeira non poden estar con nós, un problemas laborables que está lonxe de Salceda de Caselas, e outra porque acaba de ser nai e ten o seu recén nacido na unidade de prematuros, polo tanto, aqueles que alardean da conciliación non teñen a ben escoitar ao grupo maioritario da Corporación para consensuar nin o día nin a hora do pleno. Este pleno e esta hora foi imposta polo goberno municipal. Aproveito tamén para pedir desculpas polo retraso dunha compañeira que ven do posto de traballo dende Pontevedra a propósito a este pleno e retrasouse uns minutos. Como poden comprender vostedes no día de hoxe non imos a presentar candidatura, dado que non temos os votos suficientes para acadar a maioría suficiente do pleno e polo tanto, unha vez máis sendo coherente na nosa actitude e dado que hai un acordo previo de maioría absoluta do pleno dos dous partidos políticos con representación deste Corporación Municipal, decidimos que o Grupo Popular non presentar no día de hoxe a nosa candidatura a alcaldía. Esta é a nosa postura e espero e confío que logo poida ter outra quenda de palabra para dirixirme a todos vostedes, gracias.



**Sr. Rodríguez Canosa:** Bo día a todos e todas e as persoas que estades aquí presentes neste pleno con público despois de bastante tempo por mor da COVID. Quero tamén darlle un saúdo a veciñanza que nos está seguindo polas redes e pola emisión en directo deste pleno. Como voceiro de Movemento Salceda a nosa posición e clara e a nosa postura é clara, non vamos presentar candidatura a alcaldía como ben pasou onte, a nosa compañeira Loli Castiñeira renunciou ao posto de Alcaldía, tal como acordamos no pacto de goberno de fai dous anos. Xusto fai dous anos a esta mesma hora, Loli Castiñeira convertíase na primeira Alcaldesa de Salceda de Caselas e hoxe e xusto dous anos despois damos o relevo a compañeira do Partido Socialista, Verónica Tourón.

Dende Movemento Salceda vamos a continuar cumprindo co pacto de goberno que asinamos cos nosos socios do PSdeG-PSOE e creo que quedou clara a seriedade á hora de cumprir este pacto. Moitas veces se dicía que non íamos a cumprir. Creo que podemos estar orgullosos do traballo feito durante estes dous anos, da seriedade de todo o equipo e sobre todo encabezado pola nosa compañeira Loli Castiñeira. Creo que o que vai lembrar a xente destes dous anos foi un bo traballo, un traballo de xestión, un traballo de responsabilidade, un traballo de seriedade, cara a veciñanza e dende o Grupo Municipal de Movemento Salceda neste dous anos que comezan hoxe seguiremos traballando para que isto siga así, porque sobre todo continuaremos traballando para mellorar a vida por e para a nosa veciñanza. Repito Movemento Salceda non presenta candidatura e esperamos que estes dous anos sigan sendo tan bos como os anteriores.

**Sra. Tourón Domínguez:** Pola parte do PSdeG-PSOE na miña persoa, Verónica Tourón, presento a miña candidatura, froito dun acordo de dúas forzas políticas entre Movemento Salceda e PSdeG-PSOE. Como dixen xa naquel momento de fai dous anos, isto é un escenario de total normalidade democrática, un acordo de goberno feito entre dúas forzas políticas e aquí estamos hoxe para darlle continuidade a ese acordo, polo tanto presento a miña candidatura a Alcaldía.

**A Sra. Secretaria:** Explica o sistema de votación, por regra xeral os acordos plenarios adóptanse por votación ordinaria, tamén coñecida como a man alzada. Para estes supostos como é a elección de cargos, permítese que se utilice a votación secreta, para o cal sería necesario que así o votara a favor a maioría absoluta da Corporación. Tradicionalmente no Concello de Salceda de Caselas sempre as alcaldías son elixidas mediante votación ordinaria polo tanto esa é a forma que se vai a utilizar. Para iso, solicitaranse os votos a favor da única candidatura presentada e necesitará a maioría absoluta para poder ser proclama electa.

Solicítanse os votos a favor da candidatura presentada por Verónica Tourón Domínguez, que obtén 4 VOTOS A FAVOR (4 dos Concelleiros/as de MS e 3 dos/as Concelleiros/as de PSdG-PSOE) e polo tanto a maioría absoluta esixida polo artigo 196.b) da LOREG.



**Sr. Rodríguez Davila:** Indica que o seu grupo quere manifestar o seu voto respecto da candidatura da Sra. Tourón Domínguez.

**Sra. Secretaria:** Lle resposta que segundo o artigo 196.b) da LOREG no momento en que a candidatura obtén a maioría absoluta dos votos, é proclamado electo.

**Sr. Rodríguez Davila:** Repite que o seu grupo ten dereito a manifestar se quere votar en contra ou quere absterse.

Solicítanse os votos en contra da candidatura presentada por Verónica Tourón Domínguez, que obtén e 6 VOTOS en CONTRA (dos/as Concelleiros/as do PP)

**De acordo co disposto no artigo 196.b) da LOREG a votación da candidatura presentada á Alcaldía obtén a maioría absoluta de sete votos a favor polo tanto lle corresponde tomar posesión como Alcaldesa a Verónica Tourón Domínguez.**

Sendo proclamada Alcaldesa Verónica Tourón Domínguez, TOMA POSESIÓN DO CARGO segundo a fórmula legalmente esixida: *“Eu Verónica Tourón Domínguez prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente coas obrigas do cargo de Alcaldesa-Presidenta do Concello de Salceda de Caselas, con lealdade ao Rei, cumprindo e facendo cumprir a Constitución como norma fundamental do Estado.”*

**Sra. Tourón Domínguez:** Concelleiras, Concelleiros, veciños, veciñas, saudar tamén a Alberto Varela, Presidente da FEGAMP, David Regades, Delegado da Zona Franca de Vigo, Gonzalo Caballero, Portavoz Socialista do Parlamento de Galicia, Parlamentarios e Parlamentarias Autonómicos e Provinciais que nos acompañan hoxe aquí, Alcaldes, Alcaldesas e Tenente de Alcalde e Alcaldesas do Baixo Miño e do Condado, amigas e amigos, benvidas e grazas por querer acompañarnos hoxe, tanto nesta sala como a través da retransmisión que estamos facendo en directo. En primeiro lugar dicir que me houbese gustado celebrar este pleno de toma de posesión como se viña facendo ata agora, con acceso ilimitado, para que todas as persoas que quixeran acudir puidesen estar hoxe neste auditorio, pero as circunstancias que como ben sabedes non o permiten. Fai dous anos cando tomabamos posesión neste mesmo auditorio ningunha de nós, pensaba que nos tocaría vivir a pandemia máis grande da historia, unha pandemia que fixo que todas mudásemos a maneira de vivir, a maneira de relacionarnos, unha pandemia que afectou a todos os eidos, que levou a que moitos empresas e comercios pecharan, uns de xeito temporal, outros permanentemente. Unha pandemia para a que ningún de nós estábamos preparados, que moitos veciños e veciñas padeceron en primeira persoa. Hoxe quixen comezar falando desta crise sanitaria por respecto as vítimas que nos deixaron e que desgraciadamente a día de hoxe aínda nos están deixando. Esta pandemia pasará e non debemos esquecer o sufrimento que estamos pasando e digo isto porque esta crise ensinounos moitas cosas, unha delas, é que se pode traballar dende a política todas xuntas e xuntos sen



diferenzas. Fomos quen de xestionar este situación dende a unión sen cores políticas e iso ten que servirnos para os que formamos hoxe esta corporación sigamos traballando deste xeito, porque a política serve para moito máis que para a crispación e as liortas, serve para mellorar a vida das persoas e nós estamos aquí para a veciñanza, por e para ela, para nada máis. Por iso hoxe quero convidar, non só ao resto do equipo de quen non me cabe dúbida de que así será, senón tamén ao grupo da oposición a ir por este mesmo camiño, a camiñar xuntas e xuntas porque o diálogo e o consenso ten que ser a normalidade e a así o pediu a veciñanza nas urnas o 26 de maio de fai dous anos. Téndovos a miña man a dialogar, para consensuar, para que nos respectemos unhas forzas políticas ás outras dentro dos límites que marca a democracia e a boa convivencia, para que antepoñamos sempre os intereses de Salceda por diante de calquera estratexia política, que sexamos un exemplo para a veciñanza, que se sinta orgullosa da representación que teñen.

Aquí, neste momento, o que está sucedendo é un exemplo de normalidade democrática, de compromiso, de rigor e quero trasladarlle ao pobo de Salceda unha mensaxe de unidade e respecto, este equipo seguirá traballando durante os próximos dous anos unido, buscando solución aos problemas da nosa xente, das persoas autónomas, do nos comercio, da nosa hostalería, dos nosos colectivos, ese será a nosa liña de traballo. Salceda somos todas e todos, as que nacemos aquí pero tamén esas persoas que escolleron Salceda para crear o seu proxecto de vida. O meu compromiso e o de todo este goberno, que dende hoxe encabezo, é o de seguir traballando a diario para que poida mellorar, dándolle os servizos e as infraestruturas que merecen. Nesta liña xa levamos desenvolto moitos proxectos como saneamento, posta en valor de edificacións municipais, mellora de estradas, creación de novos espazos e posta en marcha de novos servizos. Fomos quen de aprobar un Regulamento de participación cidadá, que fará que por primeira vez Salceda conte con Consello veciñal. Quedan moitos proxectos que desenvolver para darlle resposta a demanda das nosas persoas maiores, das nosas nenas e nenos, da xuventude en definitiva, proxectos para darlle estabilidade as e os salcedenses nos que xa estamos traballando.

A miña porta estará sempre aberta como xa estivo estes anos. A participación será un eixo fundamental que rexerá a política deste goberno, porque é por vós polo que estamos aquí. Para esa participación son fundamentais os colectivos sociais, culturais, veciñais, educativos, deportivos, todos e cada un deles, os que quero agradecer o apoio que sempre nos brinda, sen o traballo destes colectivos a Salceda, que hoxe coñecemos, non sería posible. E esta Salceda que hoxe coñecemos tampouco sería posible sen a Alcadesa e os Alcaldes que me precederon, os cales quero agradecer o seu traballo, gobernar non é fácil pero estou segura que cada persoa que pasou polo cargo que agora ocupo dedicou o mellor de si a nosa Vila, grazas a todos pero permitídemme que especialmente mostre a miña gratitude a primeira a Alcadesa de Salceda, a Loli Castiñeira, estou convencida de que xuntas seguiremos a facer grandes cousas, ao resto do equipo, Rubén, Lucía, Miguel, Gela, Álex, grazas, síntome



orgullosa de que continuedes ao meu carón e tamén gracias a Tere porque fuches un pilar moi importante para este equipo. Grazas porque todas puxestes o mellor de vos para facer que este equipo funcione, para dar exemplo do que chamamos nova política, que sen dúbida non é outra cousa que chegar a acordos co único obxectivo de mellorar Salceda, xuntas seguiremos facendo camiño.

Permitídemme que me alargue un pouquiño máis nos agradecementos, porque cando unha chega aquí non chega soa, o meu comezo chega da man de Marina Cabaleiro e do actual Alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, que viñeron a buscarme, a verdade con algún impulsión que me deron dous grandes amigos, David Sobral e Iván Vaqueiro, a eles grazas polo empuxón e a Marina grazas por ensinarme que na política teñen cabida as ideas, o traballo pero tamén o corazón. Grazas á familia, a familia socialista por confiar en min dende o primeiro momento, a todas as persoas que formastes as diferentes candidaturas, as que traballaron con dedicación e firmeza dende calquera posición para que hoxe Salceda teña unha Alcaldesa Socialista, ao Presidente da nosa agrupación, Antonio da Quinta, é unha honra contar co teu apoio dende sempre. Gustaríame nomear a moitos e moitas pero non quero esquecer a ninguén simplemente grazas a todas por estar nos bos momentos pero sobre todo por estar naqueles que non foron tan bos. Por último grazas ao meus, as miñas amizades, soporte importante en todos os eidos e o máis importante para min, a miña familia, a toda ela, recordo en primeiro lugar a miña tía a e a miña aboa, sen os valores cos que elas me criaron hoxe eu non estaría aquí. Grazas aos meus irmáns que comparten as risas pero tamén moitas veces os cabreos e os problemas pero sempre están aí, ao meu lado, apoiándome e por suposto, ao centro da miña vida, Breo e Iria, a eles eternamente agradecida porque eles son os que verdadeiramente sofren a miña falta de tempo, e por último, ao meu pai que me dixo moitas veces que a mellor herdanza que lle podo deixar a miña filla e a meu fillo é a honestidade e a honradez e espero seguir cumprindo como ata de agora, seguir sendo a mesma, traballar para facer Salceda, o Concello de todas e todos, a Salceda que todas e todos queremos, estou, estamos con Salceda. Grazas.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

